

## **AVANCE SOBRE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DA UDC PREVISTAS PARA ADAPTAR AS ACTIVIDADES ACADÉMICAS DA UNIVERSIDADE Á SUSPENSIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE DOCENTE PRESENCIAL**

Como consecuencia da suspensión das actividades docentes presenciais desde o 13 ata o 30 de marzo de 2020 nas universidades do Sistema Universitario Galego, anticipápanse diversas alternativas co fin de establecer un marco flexible que permita ao profesorado adoptar as medidas máis adecuadas para o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe e avaliación, tendo en conta as características específicas das súas materias e a necesidade de garantir os dereitos do alumnado.

Neste marco, a dirección dos centros e departamentos e a coordinación dos títulos, xunto co profesorado responsable dos grupos, realizarán os cambios na programación e nos sistemas de avaliación que consideren necesarios, adaptando as previsións contidas na guía GADU á excepcionalidade da situación actual, co fin de non prexudicar ao noso estudiantado.

Estes cambios na programación das materias, nos sistemas de avaliación, réxime de tutorías, etc. deberán comunicarse ao estudiantado a través do Campus Virtual (Moodle).

### **1. Actualización dos calendarios académicos**

Previa negociación cos representantes dos traballadores e cos centros estudaranse as posibles modificacións nos calendarios académicos para garantir o dereito dos estudantes a finalizar o curso académico.

### **2. Actividades docentes**

- Débese garantir aos estudantes o acceso a través do Campus Virtual a todos os materiais e recursos docentes relacionados cos contidos programados neste período para facilitar o estudo autónomo.
- Ademais, recoméndase utilizar os medios existentes na Universidade para a impartición online das clases, tutorías virtuais, etc... dispoñibles no [portal https://axudatic.udc.gal/pages/viewpage.action?pageId=14713711](https://axudatic.udc.gal/pages/viewpage.action?pageId=14713711). Na semana do 16 ao 20 de marzo, a través do CUFIE, realizaranse sesións de formación nestas ferramentas dirixidas ao profesorado e PAS que o requiran.
- Débense garantir os horarios de tutorías previstos no Campus Virtual, que poderán realizarse de forma interactiva a través dos recursos de comunicación visual dispoñibles ou por correo electrónico.
- As prácticas de laboratorio das materias experimentais poderán ser substituídas por outro tipo de actividades formativas que permitan adquirir os coñecementos establecidos nas guías docentes, ou no seu caso, realizaranse de forma intensiva cando se renove a actividade docente.

- As prácticas clínicas que se realizan no SERGAS e outras entidades sanitarias ou asistenciais quedan suspendidas, así como as prácticas en centros educativos non universitarios. Renovaranse unha vez superada esta situación e axustaranse os calendarios para garantir que se poidan finalizar.
- No caso de prácticas externas en institucións ou empresas a súa realización dependerá da decisión da institución ou empresa na que se desenvolvan.

### **3. Probas de avaliación**

Na situación de excepcionalidade que está a afectar ao desenvolvemento deste curso, considérase de especial importancia adoptar todas aquelas medidas posibles para non afectar negativamente a avaliación dos estudantes.

- Sempre que resulte factible, substituiranse as probas de avaliación que se realizan actualmente de forma presencial por outras que non a existen: utilización de campus virtuais, traballos, proxectos, etc...
- A proba final da convocatoria ordinaria, fixada nos calendarios oficiais, poderá ter un valor do 100% cando sexa imposible a realización do proceso de avaliación continua.
- Para a avaliación do TFG/TFM estableceranse regulacións específicas que flexibilicen a normativa e o calendario de defensa e avaliación, para garantir os dereitos dos estudantes á finalización dos estudos.
- Con carácter xeral, suspéndese a realización de actos de defensa pública de teses de doutoramento; agás que en atención a circunstancias especiais a Reitoría os autorice de forma excepcional.

### **4. Estudantes internacionais**

- A universidade recomendou aos estudantes internacionais que realizan a súa actividade na UDC permanecer en España durante todo o curso académico. No entanto, para aqueles estudantes que regresen aos seus países de orixe e non se reincorporen á UDC por causa justificada unha vez renovada a actividade, facilitaranse no posible probas de avaliación non presenciais. No caso de que non poidan realizarse estas actividades de avaliación a distancia, garantirase a realización do exame final en remoto co apoio dos servizos telemáticos da universidade de orixe. A estes efectos, terán que porse en contacto coa ORI.
- Aqueles estudantes da UDC que estivesen nun programa de mobilidade e que pola incidencia epidemiolóxica COVID-19 soliciten reincorporarse á actividade académica da UDC, serán readmitidos previa solicitude á ORI. Considerarase justificada a súa ausencia até o momento da reincorporación e, na medida do posible, facilitaráselles a realización das actividades de avaliación continua. No caso de que non poidan realizar estas actividades, terán dereito a un exame final na convocatoria ordinaria cun valor do 100% da cualificación.